


# Almanaque Agrícola

ano  
LXIII



Ano 2015



Fábrica do Porriño. 1964.

syngenta.

# “man de santo”

para a viña, para o aplicador,  
para o medio ambiente...

...un demo para o mildeu



 Pergado®

syngenta.

 mildeuprotector

# Índice

A nosa fábrica (75 años)			4
Rescatando anacos do noso pasado: Nogueira			8
Rescatando un anaco da nosa cultura: "A Pesca nos ríos"			14
Convocatoria novo certame: "Apicultura"			24
As nosas castes de vide: A variedade "Ferrón"			26
Xaneiro	30	Santiago	42
Febreiro	32	Agosto	44
Marzo	34	Setembro	46
Abril	36	Outubro	48
Maio	38	Novembro	50
San Xoán	40	Nadal	52
Guieiro de herbas medicinais			55
Guía de tratamentos viñedos galegos			58
Outros males da viña			60
Consellos para os coidados da viña			62
Tratamentos das froiteiras de carabuña			65
Tratamentos a facer nas maceiras e pereiras			66
Tratamentos de invernadoiros e hortas			68
Tratamentos das patacas			70
Tratamentos do millo e outros cereais			73
Natureza verde: O Parque Natural do Monte Aloia			74
Feiras gastronómicas			80
Catálogo xeral de sementes			87
Catálogo xeral de produtos fitosanitarios			94
Valor dos ferrados galegos en metros cadrados			107
Lendas			110
Enderezos dos nosos distribuidores			113

# 75 anos a nosa fábrica

¡No 2014 estivemos de aniversario!



*Vistas aéreas da fábrica nos anos 50 e 80*

O ano pasado celebramos o 75 aniversario da construción dunha fábrica dedicada á “producción de produtos químicos para protección de colleitas” e produtos farmacéuticos e veterinarios.

Efectivamente, a orixe da actual fábrica de Syngenta, situada entre os municipios pontevedreses de Mos e O Porriño, remóntase ao ano 1937 e, dende aquel momento, móvenos a paixón por subministrar as solucións que Galicia e o resto de Iberia precisan para ter unha agricultura moderna, produtiva e sostible.



*Foto aérea da fábrica do ano 1964, obsérvase coa foto anterior da rexeneración do ámbito natural.*



*O laboratorio da fábrica no ano 1950*




*Portada do almanaque agrícola do ano 1954*

O obxectivo inicial da empresa era explotar a flora medicinal do noso país e aproveitar os produtos procedentes das glándulas de animais que se obtiñan das empresas cárnicas dos matadoiros do Porriño e de Mérida.

Ao rápido desenvolvemento da empresa sumouse o inicio da síntese de produtos para a agricultura, como o DDT, un referente na protección de cultivos daquela época. Cos produtos derivados do DDT a empresa crea unha nova división dedicada a fins agrícola-

las, conseguindo unha gran distribución dos produtos ZZ, que se converteron en líderes en cota de mercado no seu sector. Co transcurso do tempo, a empresa cambiou o seu conxunto de accionistas, ata chegar á actual Syngenta España.

Durante moitos anos a fábrica do Porriño foi un referente para os agricultores de Galicia e



*Cartel co ciclo biolóxico da funxida ZZ-Cobre*

*Un dos últimos anuncios do herbicida Gramoxome*



*Anuncio do insecticida ZZ do ano 1954*

non só polo famoso ZZ, senón tamén porque moitos cultivos alleos a Galicia, como a oliveira, están intimamente ligados ao desenvolvemento e posta a punto de produtos para a protección dos cultivos. O noso ZZ Cuprocol é un referente na protección do oliveiral e marcou unha tendencia clave nos hábitos de cul-



tivo dos propios olivicultores. En Galicia o noso Cobre Triplo Super (actualmente CSP Cobre Super Plus) foi e é un referente na protección dos viñedos fronte aos ataques de mildio.

Historicamente na fábrica elaboráronse produtos como GRAMOXONE (hoxe en día totalmente en desuso) ou raticidas como o Ratak (hoxe coñecido como Super Klerat).


Dende sempre, a fábrica e os laboratorios do Porriño foron a orixe do desenvolvemento de formulacións innovadoras de moitos produtos fitosanitarios, como a formulación de ZZ Cuprocol, todo un referente en moitos desenvolvementos actuais.

Dende os inicios ata a actualidade, moitos dos produtos fabricados por nós foron adaptados ao mercado e cultivos galegos e, aínda que a fábrica creceu e se expandiu por todo o mundo, conservando a súa gran calidade, segue tendo o corazón cos nosos paisanos e continúa provendo coas mellores marcas os clientes do noso país.

Na actualidade a fábrica de Syngenta no Porriño produce 15 mil toneladas de produtos para protección de colleitas. Está especializada no desenvolvemento e produción de novos produtos para tratamento de sementes e exporta a todo o mundo. Ademais é a fábrica de referencia do grupo en Europa para a produción de insecticidas de solo en forma de microgránulos, cunha capacidade anual de ata 12.000 toneladas. Tamén conta con dúas liñas máis de produción que seguen sendo primordiais, tales como a fabricación de suspensións concentradas e solucións para o oliveiral. Os nosos produtos véndense como solucións con actividade insecticida, funxicida, herbicida ou tratamento de sementes para varios cultivos tales como viña, oliveiral, cereais, millo, froiteiras, etc.

A fábrica proporciona emprego directo a unhas 100 persoas, cun impacto indirecto importante, pois contrátase un bo número de provedores locais cando é posible. Somos unha fábrica de referencia en canto á xestión dos nosos procesos de forma sostible, tanto ambiental coma socialmente, e temos especial atención e coidado coas persoas que traballamos aquí, con provedores e visitantes. Para demostrar que todo isto é certo, estamos certificados polas normas internacionais ISO 9000 (calidade), ISO 14000 (medio), ISO 18001 (prevención de riscos laborais), ademais doutros galardóns internos do grupo Syngenta, como por exemplo, o premio recibido en decembro de 2013 Empresa Galega Segura.

En definitiva, somos unha fábrica moderna, da que nos sentimos orgullosos, cuns bos indicadores de produtividade, calidade, seguridade e que é, ademais, referencia dentro do grupo a nivel mundial.



*Os laboratorios actuais están dotados  
coa tecnoloxía máis avanzada*



## ÁRBORES SINGULARES OU EMBLEMÁTICAS DE GALICIA

### NOGUEIRA

(*Juglans regia*, L.)

O nome *Juglans* deriva do latín JOVIS (Xúpiter) e GLANS (landras), que así lle chamaban os romanos, "noces de Xúpiter". REGIA quere dicir propio dos reis. As nogueiras son orixinarias do sueste de Europa e do oeste de Asia, dende Grecia ao Himalaia.

#### Descrición e ecoloxía

A nogueira común é unha árbore caducifolia que chega a medir ata 25 ou 35 metros de altura, con troncos de ata 2 metros de diámetro. En xeral o tronco é curto e a ramaxe ampla, en especial nos exemplares illados. É unha especie que exige zonas bastante solleiras para medrar ben. A casca é suave, lisa, de cor gris prateada, espallada, con amplas gretas máis ásperas. Coma todas as nogueiras o endocarpo das pólas máis finas ten bolsas de aire. As follas ordénanse en espirais de entre 25 e 40 cm, son imparipinadas, de 5 a 9 follas por grupo. As follas máis longas son as tres de cada ápice: 10-18 cm ao longo e 6-8 cm ao ancho. O par de follas basais é moito máis pequeno: 5-8 cm de lonxitude. As flores masculinas presentan moitas brácteas, en inflorescencias ou amentos colgantes de 5 a 10 cm de lonxitude. As flores femininas son terminais, agrúpanse en acios de dúas a cinco flores que, no outono, maduran en forma dun froito de casca verde e



A Nogueira do Castelo de Vimianzo

semiflexible que cobre unha carabuña engurrada de cor marrón: a noz. O froito enteiro, incluída a casca, cae no outono. A semente é grande, cuberta dunha pel fina e comestible.

A nogueira compórtase como unha especie de importantes requirimentos en espazo porque soporta moi mal a competencia. A súa situación típica é a dunha árbore de bordo ou illada, relacionada coas poboacións habitadas, xa que o ser humano é o seu grande espallador. Esta especie presenta un fenómeno de alelopatía, xa que xera substancias que impiden ou dificultan o desenvolvemento doutras especies.

As exixencias climáticas da nogueira son pouco notables, xa que se en-



contra dende zonas cálidas e secas ata frescas e húmidas. Trátase dunha especie máis ben exixente de calor durante o período vexetativo. Para importantes producións de madeira é necesario que a temperatura media anual estea por enriba dos 8 °C, ou que polo menos cinco meses ao ano teñan unha temperatura media superior a 10 °C. Temperaturas elevadas, superiores a 40 °C, provocan danos ao froito e caída precoz das follas. Aguanta bastante ben o frío do inverno, resistindo baixas temperaturas de ata -20 °C. É dicir, o frío non exclúe o cultivo da nogueira nas montañas, senón a pouca calor en verán.

As exixencias de auga son bastante elevadas, en liñas xerais. O seu cultivo, sen achega artificial de auga, non é moi recomendable se as precipitacións anuais non alcanzan un mínimo de 700 mm; aínda que en moitas bisbarras españolas nas que as precipitacións non chegan a estes mínimos (<500 mm) tamén é frecuente encontrar nogueiras. Requirense polo menos 100-150 mm durante o período vexetativo, aínda que as súas exixencias pluviométricas están moi ligadas ás características do chan.

Para a adaptación da nogueira son máis importantes as características físicas do chan que a natureza química deste. Un chan axeitado para a súa plantación é o que drena rapidamente e é capaz de reter a auga. Para unha axeitada retención de auga requirense un contido de materia orgánica entre 1,5 e 2%, e chans de textura franca (<25% de arxila, do 30-50%-50 limo e do 30-50%-50 area). Estas características preséntanas chans de aluvián, silíceo-arxilosos, arxilo-calcaRIOS, mesetas calcarias, chans silíceos e

pedregosos, etc. O pH do chan debe situarse arredor da neutralidade (6,5-7,5). Debido á súa raíz fortemente pivotante, no cultivo débese ter en conta unha profundidade de chan mínima de 0,8 a 1 m. Os chans con capa freática por enriba destes niveis ou encharcados durante parte do ano son inadecuados.

As nogueiras adoitan usarse como árbore decorativa en parques e xardíns grandes. A nogueira xaponesa é a principal especie usada con este fin polas súas follas enormes, que lle dan un aspecto tropical. Non son axeitadas para pequenos xardíns, xa que deixan caer moita folla, pólas, ramallos e nocces. As follas caídas e as raíces producen unha substancia que é tóxica para algunhas plantas como o tomate, a maceira e o bidueiro. Esta substancia, a xuglina, parece ser un mecanismo de defensa da planta e pode persistir no solo anos despois de ser cortada a árbore, debido á descomposición das raíces. A área de máis afectación é a que vai desde o tronco ata as puntas das pólas máis exteriores.



## As noces

As noces de todas as especies de nogueiras son comestibles, pero as que se aproveitan comercialmente son, en xeral, as da nogueira común, que son as de tamaño maior e de pel interior máis fina. As noces son ricas en aceite e pódense consumir crúas ou cociñadas. O aceite empregase a miúdo na pintura ao óleo. As noces son unha fonte de ácidos graxos omega-3 e demostráronse eficaces na redución



do colesterol. Un estudo do Colexio Americano de CardioloXía (American College of Cardiology) afirma que o consumo de noces despois dunha comida rica en graxas insaturadas pode reducir os danos destas graxas no aparato circulatorio. Investigadores do Hospital Clinic de Barcelona levaron a cabo un estudo en 24 persoas adultas que amosou a redución do risco de inflamación e oxidación das arterias en persoas que consumiron noces ou aceite de oliva despois de comidas ricas en graxas saturadas. As noces necesitan conservarse en fresco, xa que en condicións cálidas teñen tendencia a se poñeren rancias en poucas semanas.

Nalgúns países as noces verdes consérvanse en vinagre coa súa casca. A noz e a casca son usados tamén para producir substancias para tinxir.

## A madeira

A nogueira común, a nogueira negra e as outras especies semellantes son importantes pola súa madeira dura, densa e compacta e que se pode pulir ata acadar un acabado moi suave e satinado. A cor da madeira vai do crema ao chocolate, dependendo se procede da cerna ou das partes máis externas. Secada ao forno, tende a ser castaño mate, mentres que secada ao aire pode ter matices purpúreos. Pola cor, a dureza e o tipo de gran, a nogueira é moi valorada para fabricar mobles e para ser labrada. Foi usada durante séculos para facer culatas de armas de fogo e segue a usarse para armas de caza. A madeira da *Juglans cinerea* e outras especies asiáticas é de menos valor, máis branda, menos forte e pesada, máis salagre e de cor máis pálida.




## Usos

A madeira de nogueira ten unha calidade amplamente recoñecida dende o século XIV, cando se empezou a estender o uso dos mobles en Europa.

A madeira de albura está perfectamente diferenciada e varía do gris ao marrón claro, mentres que a de durame vai do marrón agrisado ao gris e presenta vetas de cor moi escura. Os raios son difíciles de apreciar e os aneis destácanse pero están pouco marcados. Posúe a fibra recta, aínda que ás veces ondulada e un groso ou basto gran. Por cocción adquire unha tonalidade avermellada e resáltase o listado. A velocidade de secado debe ser lenta porque, se non, poden aparecer deformacións e fendas internas.

O serrado da madeira de nogueira é difícil debido á súa dureza e aos defectos dalgunhas toradas empregadas. Por iso tampouco é apta para o desenrolo pero si para a obtención de chapa á plana. Dende hai anos córtase á plana case toda a madeira de nogueira e é moi apreciada a dos madeiros vellos con espullas e nós para utilizala nas caras vistas de chapas para mobles.

Presenta boa aptitude para o curvado. O encolamento e rematado tampouco presentan problemas e crávase e aparafúsase con facilidade. Por iso utilízase en carpintaría interior en revestimentos de portas, chans, frisos, molduras e escaleiras. Ademais utilízase para recubrimentos decorativos, ebanistaría de alta gama, artesanía de obxectos pequenos e sobre todo na fabricación de culatas para armas de fogo.



## Outros usos e curiosidades

Na crenza popular, as nogueiras son consideradas árbores de “mala sombra”, e durmir ao seu carón pode sentar mal e mesmo facer enfermarse. De feito moitos paisanos gárdanse instintivamente da súa sombra por considerala nociva. Ás nogueiras atribuíanselle propiedades máxicas, por iso as follas empréganse como herbas de San Xoán. No pasado considerouse que as noces tiñan propiedades medicinais pola súa semellanza co cerebro.

As noces foron empregadas na música tradicional para facer asubíos, e os nenos de moitas aldeas de toda Galicia empregárona para fabricar *rin-ráns*, chamados tamén crebanoces, ruxerruxe, ou xira-noces.

*Trátase dun curioso xogo de nenos que consiste nunha noz atravesada por un pauciño de xeito que este non*

*xire. Noutra noz, que se manterá fixa entre os dedos, practícanse dous furados para que este pau a atravesese folgadoamente e poida xirar. No pauciño enrólase un cordeliño que sae por un furadiño lateral da noz que se sostén cos dedos. Tirando deste cordel, o pau e a noz que leva encima xiran e recollen o cordel no sentido contrario, o que se aproveita para darlle outro tirón, conseguindo así un movemento continuo de rirrán que emite un son xordo.*

As tapas e aros das zanfonas galegas, así como a roda, fabricábanse tradicionalmente en madeira de nogueira.

### *A Nogueira do Castelo de Vimianzo*

### **Árbores senlleiras**

A nogueira de Licín, no Saviñao, en Lugo, está considerada a máis vella e grande de Galicia, razón pola que foi incluída dentro do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras (decreto 67/2007 do 22 de marzo). Esta árbore magnífica ten máis de 8 metros de perímetro e seguramente foi plantada pola Casa Grande de Licín hai máis de 500 anos, posiblemente para alimentarse dos seus froitos. En documentos do século XIX menciónase o terreo no que se encontra a nogueira, ao que chaman “A nogueira da casa”. Noutro documento do 1828 refírese a este como “Nogueira de Santiso propiedade da casa”. A veciñanza de máis idade recorda a nogueira do mesmo tamaño que hoxe ten e contan que xa os seus avós falaban dunha nogueira de grandes dimensións no citado terreo. Unha



serie de temporais en febreiro do 2014 deron en abater a única nogueira incluída no catálogo de árbores senlleiras de Galicia.

Porén, aínda que non inseridas dentro do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, cómpre citar algunhas nogueiras de interese espalladas pola xeografía galega. Situada na Avenida Camilo José Cela de Triacastela, Lugo, atópase a "noceira de Triacastela", cun diámetro de 9,05 metros. Na localidade de Vimianzo, A Coruña, atopamos a nogueira do Castelo de Vimianzo, non catalogada pero de notable porte. E no lugar de Antas de Ulla atopamos a nogueira da casa Dionisio.





### A PESCA FLUVIAL EN GALICIA

Autor: Xosé Lois Ripalda

**PREHISTORIA COÑECIDA E HISTORIA DA ACTIVIDADE, DENDE SER FONTE DE ALIMENTO, RECURSO ECONÓMICO MÁIS TARDE, ATA A CONSIDERACIÓN DEPORTIVA NA ACTUALIDADE**



A pesca foi unha das actividades do ser humano dirixidas a satisfacer as súas necesidades. No paleolítico limitábase tan só á recolleita de cangrexos, pequenos peixes e bivalvos no devalo das mareas, aínda que esta actividade tamén a facía nos ríos. Para iso utilizaba trebellos como o arco e as frechas e lanzas, de maneira que a pesca se semella-

ba á caza. O invento do anzol adaptouse ao material das diferentes etapas prehistóricas; así, nun principio eran de pedra con forma de agulla rematados en punta nos extremos, segundo restos atopados nos castros situados preto do mar. Porén, co eslimar do tempo, evolucionaron e fixéronse de óso. Non obstante, na Idade do Bronce e na Idade do Ferro xa tiña a forma actual. Foi nas devanditas idades cando o ser humano comezou a fabricar barcas que se movían por medio de remos, esquecéndose de facer balsas, baleirando toros de árbores. Neste tempo comezou a tecer nasas, utilizando poliñas de salgueiros, para pescar anguías, e fixo diques para obrigar os peixes a se dirixiren ás trampas preparadas a tergo. Tamén principiou a usar redes de cerco e de fondo. De maneira que a pesca que se facía co único fin de autofornecerse pasou, ao ir dos anos, a ser unha actividade comercial. Con relación a isto hai que salientar que os ríos da nosa terra acadaron grande importancia polas capturas das diferentes especies de peixes, sendo un importante recurso económico. Daquela o salmón que se acadaba nos ríos Tambre e Ulla, así como as troitas do Miño, consumíanse nas importantes cidades galegas de Iria, Noia ou Santiago, entre outras. A pesca fluvial evolucionou e hoxe en día case pode dicirse que tan só subsiste como actividade deportiva, pois son centos os pescadores que coa cana e a sedela ocupan as ribeiras dos nosos ríos para acadaren as mellores pezas, tanto a nivel persoal como en equipo, principalmente de salmóns, troitas e zamborcas. Esta actividade ten unhas normas promovidas por federacións tanto autonómicas como nacionais mediante as que se regulan os períodos hábiles de pesca, horarios, ríos en que se pode facer, vedas, coutos e tramos, engados, artes de pesca empregadas, lonxitude das capturas e mesmo sancións polo uso de medios prohibitivos de captura.





## TIPOLOXÍA DAS CAPTURAS. XEOGRAFÍA, COMARCAS OU POBOACIÓNS GALEGAS SIGNIFICATIVAS POR DESENVOLVEREN ESTE OFICIO NOS SEUS RÍOS E REGATOS E GASTRONOMÍA PARELLA.

As principais capturas que se fan nos ríos galegos son as seguintes:




**Lamprea maríña** (*Petromyzon marinus*): duns sesenta a setenta centímetros de lonxitude, especie anádroma que fai a entrada nos ríos galegos dende febreiro a xuño á procura de biotopos areosos de correntes velaíñas. Posúe dúas aletas dorsais e unha anal. O seu aproveitamento realízase en pesqueiras artesanais dos ríos Miño, Ulla e Mandeo.

**Zamborca** (*Alosa alosa*): Tamén coñecida como lacha e "cocho de río", abunda en ríos amplos e caudalosos, sen atrancos, como barraxes, que a obriguen a dar grandes choutos. Comeza a remontar os ríos de marzo a xuño. Gústalle as augas mornas. Tivo unha grande importancia alimentaria nas beiras do Miño. Ten entre unha e cinco manchas circulares no lombo.



**Saboga** (*Sarpa salpa*): sobe polos grandes ríos galegos Miño e Ulla cando chega a época da desova. Pode acadar os corenta centímetros de lonxitude e ao longo do lombo amosa dunha a dez manchas negras circulares. Esta especie está en completa recesión.


**Salmón** (*Salmo salar*): é o prototipo de especies anádromas. De xaneiro a xullo, con catro, cinco e ata seis anos, remontan os ríos para a desova na procura de augas limpas, pouco fondas e que teñan oxíxeno diluído. Viven inicialmente na foz dos ríos, e, ao teren dous anos, as crías volven ao mar. Na actualidade o salmón desapareceu de case todos os ríos.



**Reo** (*Salmo trutta trutta*): unha especie que aínda que vive no mar torna aos ríos para a desova, igual que o salmón; viaxe que comeza aló polo mes de agosto e remata no outono. Pode chegar a ter un metro de longo. Aínda que volve ao mar, vive preto da costa, nos esteiros dos

ríos. Este peixe amosa moi escasas pintas no corpo a diferenza da troita.

**Barbo** (*Barbus barbus*): este peixe preséntase nos ríos Limia e Támega. Gústalle os cursos medios destas augas, vivindo en zonas areosas en correntes rápidas, aínda que non desbota os cursos lentos e baixos do río. Amosa como peculiaridade o ter catro barbadelas no beizo superior.



**Troita** (*Salmo trutta fario*): ten o corpo enfeitado de manchas negras e rosas abundantes, de forma redondeada, que lle cobren case todo o lombo, mesmo a ca-

beza e a aleta dorsal. Preséntase en case todos os ríos galegos, sobre todo nos tramos altos, pois procura correntes rápidas e con baltróns pedregosos para a desova. Afástase dos ríos contaminados e estacionais e atópase con frecuencia nos ríos Miño, Sil, Avia, Ulla, Tambre e Sor.



**Vermelliña** (*Chondrostoma arcasii*): peixe pequeno que ten como elemento específico unha cor vermella -de aí o nome- na base das aletas pares e da aleta anal. Posúe unha soa aleta dorsal na metade do lombo. Prefire augas de curso paseniño e desbota as augas salgadas, por iso pode dicirse que é un peixe propio do río.


**Cacho ou escalo** (*Leuciscus carolitertii*): de tamaño pequeno e dunha cor castaña dourada no lombo. Cando é novo vive en grupos; porén, de vello gústalle a soidade. É moi resistente en augas de pouco oxixeno, por iso leva ben a contaminación. Loita cando cae no anzol, o que motiva que sexa moi apreciado na pesca deportiva.



**Espiñento** (*Gasterosteus aculeatus*): é un peixe de tamaño moi pequeno que non chega a acadar os seis centímetros. En lugar de aletas ten espiños: tres colocados diante da aleta dorsal e outros tamén no ventre.

De cor castaña verdosa no lombo e prateada nos flancos, con tons louros na gorxa e no ventre os machos en tempo de desova. O corpo teno cuberto de placas. Ten costumes sedentarios e prefire vivir en augas tranquilas e con vexetación.

**Anguía** (*Anguilla anguilla*): coñecida tamén co nome de eiroa nalgún lugar de Galicia, está presente en case todos os ríos galegos. É unha especie catádroma. O seu corpo é alongado, lembra as serpes. As escamas son pequenas e cubertas dunha substancia que as fai esvarar dunha maneira doada. Vive no mar e achégase aos ríos para a desova. De pequena recibe o nome de meixón, cuxa pesca é impresionante por ter que facerse de noite, que é cando entran nos ríos.



Galicia tamén goza de lagoas, entre as que podemos sinalar Doniños, A Frouxeira, Cospeito ou Caque, entre as máis coñecidas, lugares que teñen unha grande importancia por seren centros de aves tanto sedentarias como de paso. Non obstante non predominan especies de peixes, agás a troita na de Cospeito e a anguía na da Frouxeira.

En Galicia moitas son as cidades vencelladas ao oficio da pesca e á gastronomía derivada desta actividade. Un destes encontros gastronómicos da nosa comunidade ten lugar en **Tui**, co gallo da festa do meixón, á que asisten milleiros de persoas para gozar da maneira sinxela de preparación do meixón, como é o característico mollo (mestura de saibo picante típico da zona do Baixo Miño), para rematar verténdoo en cazoliñas de barro con aceite moi quente e allo cortado en rebandas.

Na localidade pontevedresa de **Valga** celébrase a festa da anguía, que reúne unha morea de xente con degaros de probar este gorentoso produto nas correspondentes variantes. Unha delas é a que se acada rebozando os anacos en que se divide o peixe

en fariña, e deseguido poñelos nunha tixola con aceite en sobexo. Xa fritida, bótanse nunha cazola de barro co fin de que se douren no mesmo aceite onde se fritiron os anacos. Despois cóbrese de auga e déixase cocer unha hora cunha folliña de loureiro. Na cidade de Pontevedra gozan tamén desta festa.

A lamprea é outro dos peixes que ten unha importante festa no concello de **Arbo**, cuxas datas son os meses de abril e xullo. Consómese tanto de maneira seca como guisada, sendo esta modalidade a que, ao ir dos anos, acadou máis sona, aproveitando para iso o seu propio sangue, que se aparta nunha cazola de barro con aceite xunto con outras especias, na que cocerá durante unha hora. Outros lugares onde se celebra esta festa son **Teo** e Pontevedra, sen esquecermos de **Padrón** coa súas empanadas do devandito peixe.

A festa da troita, o peixe máis popular dos nosos ríos, ten dúas importantes referencias, concretamente na **Pontenova** e **Ponte Caldelas**, ao que contribúe a pureza das augas dos ríos Eo e Verdugo, o que fai que posúa un saibo que o diferencia dos outros peixes. Unha localidade onde ten lugar a exaltación desta especie é **Zas**. Hai varias modalidades de preparar as troitas, que pode ser á prancha, con prebe, ao forno ou á grella; non obstante hai un xeito moi sinxelo e coñecido que consiste en reencher os peixes con rebandas de xamón ou touciño entrefebrado, rebozadas en fariña en aceite, aínda que mellor é en unto.

O feito de que no río Ulla haxa salmón dabondo dá lugar a unha importante festa no concello da **Estrada**, onde ademais se celebra un concurso de pesca deportiva con categoría internacional, sendo un motivo para que veñan ao concello moreas de visitantes. O salmón, como os outros peixes, pódese preparar de distintas maneiras, unha delas consiste en adobar o peixe cortado en anacos con allo, piriñel, aceite e sal, deixándoo refogar durante unha hora, para logo proceder ao seu asado no forno dunha maneira paseniña. Hai que dicir que o primeiro salmón que se captura na comunidade no río Eo recibe o nome de Campano.


### SISTEMAS DE PESCA TRADICIONAL NOS RÍOS E LAGOS. APARELLOS, CONSTRUCIÓNS E OUTROS.

Moitos son os sistemas de pesca que se empregan nos ríos galegos. Velaquí os máis tradicionais.

**A cana ou vara:** pode usarse dende unha barca ou dende terra, é un dos sistemas máis sinxelos empregados nos ríos galegos. No capio leva unha sedela ou tanza con chumbo e unha cortiza, e no anzol o engado. As partes do anzol son: cabeza, pata, abertura, curva e punta.



## Clases de figas



**A corda, espiñel ou palengre:** ocupa todo o ancho do río, con anzois presos de tramo en tramo.

**A figa ou francado:** consiste nunha travesa de ferro de dentes rematados en forma de lanza.

**A ventela:** é unha rede de forma cónica armada cun arco de madeira que vai mangado nun pau.

**O voitirón ou viturón:** é un aparello de forma cónica, formado por dúas pezas, unha exterior e outra interior; a primeira comeza na base, que é aberta por un arco de pau de loureiro, cuxas pólas se manteñen paralelas entre si por medio dunha verga; o resto divídese en seccións por medio de dous ou tres aros, tamén de madeira. A parte interior componse dunha rede

cónica cun aro na boca, suxeito por unha liñas, e que remata no outro extremo cunha abertura que manteñen cerrada unhas cordas. O conxunto do voitirón mantense estendido e rixido por medio de dúas varas.

**A nasa:** é un aparello semellante ao voitirón, pero de madeira, de forma alongada e con trampa no medio, aberta por un lado e cerrada polo outro. Déitase no fondo do río coa boca cara á corrente, amarrada entre pedras.

**A chumbeira:** consiste nunha rede circular de tres metros de diámetro, no centro leva presa unha corda e pola beira unha relinga, a corda de ferros, con chumbos.

**A estacada ou cercote:** emprégase para rodear nas bocas dos ríos os peixes, o tamaño depende do espazo a cercar e non leva cortizas nin chumbos.

### Entre as redes de superficie rectangular están as seguintes:


**A salmoneira:** componse dunha malla de seis centímetros no medio e de oito nos extremos, na relinga superior leva cortizas e na inferior pandullos formados por placas de lousa con dous buratos para pasar a corda.

**Alxerife:** é unha rede que ten por enriba cortizas e debaixo bolsas de area.


**A solleira:** é outra rede de forma rectangular formada por tres panos cosidos con cortizas na parte de arriba e bolsas de area na parte de abaixo da rede.

*Aparellos de estrutura redonda*


*Voitirón*




*Nasa*




*Estacada*



*Ventela*




*Chumbeira*




Aparelhos de estrutura plana


Sabaleira




Salmoeira




Varredeira




Alxerife



Lampreeira



Solleira





**A sabeleira:** posúe unha malla de corenta centímetros, na parte superior leva cortizas e na inferior coias metidas en bolsas de lenzo.


**A varredeira:** pode chegar aos trinta e sete metros de longo por dous e medio de alto, con malla de dezaoto centímetros; na relinga de arriba ten cortizas, suxeitas por unha baraza, e na de abaixo ferros.

**A lampreeira:** rede de cento cincuenta metros de longo por tres de alto, nun cabo ten un pé de galo prolongado cunha corda delgada de esparto, como outras redes leva cortizas por enriba e bolsas de area debaixo.

Hai que dicir que o voitirón emprégase nun sistema de pesca chamado **pesqueira** ou **pesco**, moi usado para a captura da lamprea no río Miño, cuxa estrutura consta duns muros construídos no río encostados no sentido da corrente e de tal xeito que hai outro paralelo ao primeiro, da mesma lonxitude e avanzando ao centro do río. Cada unha destas paredes chámase poio e o seu número depende do caudal, fondura e réxime de augas do río que se trate. Entre cada dúas entradas dos poiosponse o voitirón, e un muro chamado rabo encárgase de desviar a corrente en dirección aos poios para que aló vaian os peixes. Cada poio ten dous saíntes: o da parte de enriba chámase marco e o inferior lapadoiro; preto do marco hai un buraco para botar os peixes, no lapadoiro engánchase nun cadeado unha cadea que vai ata o voitirón para suxeitalo. En Galicia apenas se pesca nas lagoas, pois tan só nalgunhas como a de Cospeito hai troitas e na Frouxeira anguiás.

#### Partes dunha pesqueira

- |              |             |               |           |
|--------------|-------------|---------------|-----------|
| 1.- Poio     | 2.- Soleira | 3.- Lapadoiro | 4.- Marco |
| 5.- Voitirón | 6.- Cadea   | 7.- Buraco    | 8.- Rabo  |



## PROCESO DE FABRICACIÓN

Entre os materiais que se se empregan para a fabricación da cana están: o bambú, que se utiliza durante séculos; a fibra de vidro, material co que se fabricaron as primeiras canas modernas; e o grafito, que, hoxe en día, por ser resistente, gañou bastante terreo.

O mango faise de cortiza ou de espuma de neopreno comprimido, pode ser de distinta forma segundo a pesca á que se determine. O anzol fíxose de todo tipo de materiais, entre eles ósos, cunchas, pedras, bronce e ferro. A nasa, unha das artes de pesca máis tradicionais faise non só con rede senón tamén de xuncos. Para fabricar unha rede hai que ter en conta a malla, que dependerá do tamaño dos peixes e que pode ser de cánabo, liño e algodón, ou de fibras artificiais coas que as redes poden acadar moita resistencia e lixeireza, entre elas as seguintes: nailon, perlón e kuralón, entre outros polietilenos. A malla leva na parte superior os elementos liviáns para que aboie e na parte inferior os pesados para que se manteña vertical. Os materiais para a relinga superior son cortiza, plástico e aluminio, e para a inferior polo xeral chumbo. A malla na actualidade fábricase en teares cuxo proceso é un tanto complexo; porén tradicionalmente faciase á man. Para iso necesitaban dous trebellos: a lanzada a todo o longo, na que se debanda ou enrola o fío; e a malleira, que, segundo o seu grosor, determina a medida que deben de ter as mallas.

## Refráns, ditos, cantigas, adiviñas, lendas e pequenos contos.

### Refráns

- ↻ A anguía en empanada e a lamprea escabechada.
- ↻ A troita e o unto canto máis vella mellor.
- ↻ Quen pesca con chaqueta cábenlle os peixes nunha pandeireta.
- ↻ No río que non ten peixes, non hai que botar as redes.
- ↻ O peixe que procura o anzol atopa a súa perdición.
- ↻ Quen peixe quere pescar as calzas ten que mollar.
- ↻ Pola boca morre o peixe.
- ↻ Ramos mollados e pascuas enxoitas, bo ano de troitas.
- ↻ A lamprea no abril para min, no maio para o meu amo, no San Xoán para o can.
- ↻ Lamprea e salmón pola Pascua a sazón.
- ↻ Para ser bo pescador hai que ser bo bebedor.
- ↻ Moi boa é a troita.
- ↻ Non hai mellor rede que a que colle os peixes.
- ↻ Mellor quero fol de pastor que cesto de pescador.
- ↻ Labrego con cana á porta pouco lle medra a horta.
- ↻ Cazadores e troiteiros os máis mentireiros

## Ditos

- Escorregadizo como unha anguía .
- Coller unha boa troita.
- Ser bo peixe.
- Camiñar coma un cangrexo.
- Andar a lampreazos.
- Pór as redes para outros pescar.
- Caer no anzol.

## Cantigas

- Moi boa é a troita / mellor o salmón /e bo é o sábalo / na súa sazón.
- Polo río abaixo / vai unha sartén / vai fritindo troitas / han de saber ben.
- Como colean as troitas no río! / Así se menea o teu corpo garrido.
- Como colean as troitas na auga! / Así se menea o teu corpo galano.
- Pescador que pesca / un só peixe/ mellor lle é / que o oficio deixe.
- Labrego que anda / a cazar e pescar / non fai meda nin pallar.

## Lenda

En certa ocasión un pescador que se atopa botando a cana no río Miño, viu que saía das augas unha xacia e díxolle que se casaba con ela podía desenfeitizala. Así o fixo o mozo e tiveron varios fillos; porén estes sempre tiveron degaros de bañarse nas augas de onde viñera a nai, cousa que facían acotío, o que anoxaba o seu avó, quen os maldiciu dicindo: "Liscade, fillos dunha xacia". Entón a nai xa non se sentiu feliz e volveu para o río. Unha vez aló, as compañeiras non lle perdoaron que se namorase dun ser humano, pois téñeno prohibido, e en castigo convertérona nunha burbulla.

## Conto

Como todos os días, un pescador colleu camiño do río cunha cana á procura das troitas; non obstante, o que facía era ir xogar a partida e logo díxalle á muller que as pescara. De todo iso alardeaba diante dos compañeiros ao dicir:

– O que vale ter unha muller parva!

Porén chegou un día que non había na tenda troitas, entón mercou sardiñas pensando que a muller non se decatara do engano.

Cando esta as viu, escachoulle a cesta ao home na cabeza dicindo:

– Dende cando hai sardiñas no río Miño?

Ao seguinte día chegou á baiuca coa cabeza vendada, polo que lle preguntaron os compañeiros o que lle pasara e contóullelo todo; entón díxolle un:

– Non dicías que tiñas unha muller parva?

Sí, ho! Porén, para o malo deseguida aprendeu!



### NOVO CERTAME CONVOCATORIA ANO 2015

## TEMA: "O oficio de apicultor"

**SYNGENTA AGRO**, continuando coa tradición deste "**Almanaque**" de rescatar anacos da cultura Noroeste, establece para este ano un novo certame dotado cun PREMIO DE 650 € ao mellor traballo sobre "**O oficio de apicultor**". O traballo gañador publicárase na próxima edición do "**Almanaque agrícola ZZ**".

### BASES DO CERTAME

- 1) Poderán participar todas as persoas que o desexen, agás os distribuidores e empregados da compañía e os seus familiares directos.
- 2) Os concursantes deberán enviar os seus traballos a **Syngenta España S.A.U.**, referencia "**CONCURSO**" a **A Relva s/n 36400 O Porriño (Pontevedra)** antes do 30 de setembro de 2015. Os traballos achegados non serán devoltos e a compañía poderá empregalos para outras publicacións da mesma.
- 3) Os traballos han de estar redactados no **idioma galego normativo**, cunha extensión máxima de seis follas con letra e espazo normal, sendo tamén necesario remitilos á empresa nalgún soporte informático (CD, memoria portátil,...). Admitiranse traballos informáticos, que serán enviados á ligazón [contacto.marketing@syngenta.com](mailto:contacto.marketing@syngenta.com), e deberán versar sobre os seguintes aspectos.
  - Sistemas de cría de abellas, con descrición das actividades ao longo do ano.
  - Construcións típicas para a produción de mel.
  - Enfermidades e accidentes que afectan a colmea.
  - Produtos derivados do mel, forma de usalos, receitas de cociña ou utilidade terapéutica do mel e os seus derivados.
  - Situación actual deste oficio en Galicia.
  - Refrás, ditos, cantigas, lendas ou pequenos contos relativos a este oficio.

Nota: no apartado gráfico valoráranse só gráficos ou debuxos inéditos, non admitíndose fotografías baixadas de internet.

- 4) O xurado que outorgará o premio ao mellor traballo estará composto por persoal de SYNGENTA coñecedor da cultura galega, e o seu veredicto darase a coñecer a partir do 1º de outubro de 2015.

## ***Novo Karate Zeon Plus***

fixate ben, porque agora é 1.5 CS

# PLUS

sensiblemente  
mellor

Máis seguro,  
máis práctico  
e máis rendible.



 **Karate Zeon<sup>+</sup>**  
1.5 CS

syngenta.

Un pequeno detalle. Unha gran diferenza.





# As novas Castes de Vide

## A variedade "Ferrón"

### 1. Sinonimias

Ferrol, Espadeiro (na comarca do Condado) e Negrón (no norte da DO Ribeiro).

### 2. Antecedentes

García de los Salmones (1914) cita no Carballiño e en Entrimo baixo a denominación de Negrón. O Catastro Vitícola de 1983 indica o seu cultivo na provincia de Ourense, na que ocupaba o 0,03% da superficie de viñado.



### 3. Situación actual

Considérase variedade autorizada na elaboración de viños na DO Ribeiro. O Rexistro Vitícola indica o seu cultivo na Coruña con 0,18 ha da superficie de viñado, en Ourense con 1,36 ha e en Pontevedra con 2,65 ha, e corresponden 1,72 ha á subzona da DORías Baixas Val do Salnés, 0,23 ha ao Condado do Tea e 0,07 ao Rosal.

### 4. Valoracións sobre o seu cultivo

Variedade de brotación e maduración media, é moderadamente sensible ao oídio, mildeu e botrite. Os viños caracterízanse por presentar tendencia a graduacións elevadas (valores arredor do 15%) e acidez media (valores medios de 6 g/L). ferrón.

### 5. Descrición morfolóxica

#### Pámpano novo

O pámpano novo presenta a extremidade aberta con peluxe tombada de densidade media. A cara dorsal dos entrenós e nós é verde e vermella, mentres que a ventral é verde. As xemias non presentan pigmentación antociánica.

#### Folla nova

A folla nova é bronceada con peluxe tombada de densidade media.



#### Folla adulta

A folla adulta de cor verde media presenta tamaño medio e forma orbicular, con cinco lóbulos; peluda, con densidade alta de pelos tombados entre os nervios principais e media sobre estes, e sen pelos ergueitos entre e sobre os





### Acio

O acio é cónico, de tamaño e compacidade media e con presenza de 1 ou 2 ás. O pedúnculo é de lonxitude curta.



nervios principais; perfil alabeado; limbo con avultamento e inchazón de intensidade media; dentes con mestura de lados rectilíneos e lados convexos, de lonxitude media en relación á súa anchura; seo peciolar semiaberto, coa base en forma de U; seos laterais superiores abertos coa base en forma de V; peciolo lixeiramente máis curto que o nervio principal.

### Bago

O bago de cor azul negra presenta forma esférica.

#### Datos extraídos del libro:

*A colección de vides da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia* (Xunta de Galicia; Consellería do medio rural 2011).



# ¡boa UVA, bo VIÑO!

Que, ao final, o que  
de verdade importa  
é a calidade

 **Switch**<sup>®</sup>

**syngenta**

Máis protección  
Máis eficacia








## O TEMPO

Comenzará o ano, case seguro, con tempo moi viradoiro, pero sempre facendo honor ao inverno, con ventos, chuvias e algunhas raxeiriñas de sol moi temoroso, sen esquecer as xeadas que neste mes xa serán fortes.

*"Cando as ras cantan no xaneiro, sinal de fame en todo o eido"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	Mabegondo (2000-2012)	13,02	5,03	8,96	17	134,84
	Fontecada-Sta. Comba (2003-2012)	11,43	4,63	7,80	19	270,42
Lugo	Campus Lugo (2000-2012)	10,64	6,06	6,26	13	109,36
	Pedro Murias-Ribadeo (2000-2012)	13,2	7,2	10,2	16	112,9
Ourense	Gandarela-Celanova (2005-2012)	9,8	3,9	6,7	13	105,4
	Ourense-Ciencias (2005-2012)	12,3	4,6	8,0	12	101,1
Pontevedra	Mouriscade-Lalín (2000-2012)	11,1	2,0	6,3	15	144,3
	Corón-V. de Arousa (2002-2012)	13,5	7,7	10,6	14	176,9

**1 X.** **Nai de Deus.** S. María.  
*1953. Publícase o primeiro número do Almanaque agrícola ZZ. Sempre en idioma gallego normativo, é un manual agrario de carácter técnico, etnográfico, e con diversos contidos vencellados a sabiduría popular. 100.000 exemplares de tirada anual.*

**2 V.** Ss. Basilio; Gregorio.

**3 S.** S. Xenoveva.

**4 D.** Ss. Iolando; Rigoberto.  
*1882. Sae á rúa o primeiro número de La Voz de Galicia.*  
*1922. Pepe Da Pena (José Cerviño García), morre en Cotobade, un dos mellores santeiros (construtores de cruceiros).*  
*1977. Lei sobre a reforma do Rexistro Civil para traducir os nomes propios ó galego.*

**5 L.** S. Emilia.  
*1976. Créase o Consello de Forzas Políticas.*



Lúa  
Chea

**6 M.** **A Epifanía. Os Santos Reis, Melchor, Gaspar e Baltasar.**  
Ss. Wilma; Melanio.

**7 M.** S. Raimundo.  
*1950. Morre Castelao en Bos Aires.*

**8 X.** Ss. Luciano; Eladio.  
*1979. Fúndase en Barcelona Edicións Sotelo Blanco.*

**9 V.** S. Lucrecia.

**10 S.** S. Gonzalo.

**11 D.** **Bautismo do Señor.** S. Alexandre.  
*1533. A Xunta de Goberno do Novo Reino de Galicia acorda aumentar dúas provincias: A Coruña e Tui.*  
*1859. Nace en Carballo Alfredo Brañas.*

**12 L.** S. Xulián.  
*1912. Nace en Celanova o escritor Celso Emilio Ferreiro.*

**13 M.** S. Hilario.



Cuarto  
Minguante

**14 M.** S. Félix.

**15 X.** Ss. Raquel; Amaro.

**16 V.** S. Marcelo.

**17 S.** Ss. Antón Abade; Guido.

**18 D.** Ss. Prisca - Priscila.

**19 L.** S. Mario.

**20 M.** Ss. Sebastián; Fabián.  
*1765. Inaugúrase na Coruña a Academia de Agricultura.*



Lúa  
Nova

**21 M.** S. Inés.

**22 X.** Ss. Laura Vicuña; Vicente.

**23 V.** S. Virxinia.

**24 S.** S. Francisco de Sales.

**25 D.** S. Elvira.

**26 L.** Ss. Timoteo; Tito; Guimara; Ansurio; Viliúlfo.

**27 M.** Ss. Ánxela Merici.



Cuarto  
Crecente

**28 M.** S. Tomé de Aquino.  
*1731. Primeira sesión da "Academia Literaria Compostelana", presidida por Pablo Mendoza de los Ríos.*  
*1902. Nace o pintor Urbano Lugrís.*

**29 X.** S. Valerio.  
*1899. Nace en Rianxo o escritor Rafael Dieste.*  
*1930. Morre o poeta Manoel Antonio.*

**30 V.** S. Martiña.  
*1886. Nace en Rianxo Alfonso Daniel Rodríguez Castelao.*

**31 S.** Ss. Xoán Bosco; Marcela.  
*1809. Ocupación de Vigo polas tropas francesas.*  
*1820. Nace en Ferrol Concepción Arenal.*






## O TEMPO



**A**índa han de tremer os vellos que se quenten co sol de febreiro, por iso o mellor consello será que se acheguen ao lume do fogar e non deixen de man o abrigo e o paraugas cada vez que boten pola porta a fóra.

*"Neve febreiriña tarde vén e logo camiña"*

### DATOS CLIMATOLÓXICOS

	Estación de recollida de datos y media anos	 Temperatura media das máximas (°C)	 Temperatura media das mínimas (°C)	 Temperatura media do mes (°C)	 Dias de choiva	 Precipitación total L/m <sup>2</sup>
A Coruña	<b>Mabegondo</b> (2000-2012)	13,83	3,72	8,56	10	95,17
	<b>Fontecada-Sta. Comba</b> (2003-2012)	13,16	3,90	7,53	11	177,38
Lugo	<b>Campus Lugo</b> (2000-2012)	12,07	5,02	6,30	11	84,80
	<b>Pedro Murias-Ribadeo</b> (2000-2012)	13,3	6,2	9,7	11	91,2
Ourense	<b>Gandarela-Celanova</b> (2005-2012)	11,8	3,7	7,2	9	77,5
	<b>Ourense-Ciencias</b> (2005-2012)	14,8	3,7	8,5	9	78,7
Pontevedra	<b>Mouriscade-Lalín</b> (2000-2012)	12,3	0,7	6,1	9	111,7
	<b>Corón-V. de Arousa</b> (2002-2012)	14,2	7,1	10,5	11	105,3



---

**1 D.** Domingo de Septuaxésima.  
S. Severiano.

---

**2 L.** S. Candeloria. Presentación do Señor.

---

**3 M.** Ss. Brais; Óscar; *Francisco Blanco*.  
**1807.** Nace en Ferrol o pintor Pérez Villaamil.

---

**4 M.** S. Xilberte.  
**1135.** Fundación do mosteiro de Aciveiro (*Forcarei*).  
**1864.** Nace en Betanzos Salvador Cabeza De León.  
**1893.** Morre en Vigo Concepción Arenal.



**5 X.** S. Ádega.

---

**6 V.** Ss. Doris; Paulo Miki.

---

**7 S.** S. Gastón.  
**1876.** Primeiro número da publicación *O Tío Marcos da Portela*, totalmente en galego, dirixido por Valentín Lamas Carbajal.

---

**8 D.** Ss. Xerome Emiliano; Xacoba.  
**1835.** Nace en Ponteceso o escritor Eduardo Pondal.

---

**9 L.** S. Rebeca.

---

**10 M.** S. Escolástica.  
**1810.** Motín obreiro en Ferrol capitaneado por Antonia Alarcón.  
**1890.** Naufraxio do buque inglés *The Serpent* ó carón do Cabo Vilán.

---

**11 M.** Nosa Señora de Lurdes.  
**1885.** Nace na Coruña o escritor Wenceslao Fernández Flórez.

---

**12 X.** S. Pamela.



**13 V.** S. Beatriz.

---

**14 S.** Ss. Cirilo; Valentín.

---

**15 D.** Ss. Fausto; Xurxa.  
**1765.** Sa e á rúa o xornal *La Región*.  
**1944.** Constitución do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

---

**16 L.** S. Samuel.

---

**17 M.** Martes de Entroido.  
S. Aleixo.

---

VERMES da terra	FORCE 1,5 g (5 kg/ha); mesturado coa terra.
MILDEU (Tomates e outros)	ORTIVA (80 ml/hl) ou RIDOMIL GOLD PLUS (400 g/hl) RIDOMIL GOLD MZ PÉPITE (250 g/hl) ou ZZ-COBRE SÚPER PLUS (400 g/hl) ZZ-CUPROCOL, cando os froitos estean xa a madurar (150-200 ml/hl).
BOTRITE (Calquera cultivo)	SWITCH (morango, tomate, berenxena, leitunga e xudía verde) 100 g/hl.
PULGÓNS (Calquera cultivo)	APHOX (100 g/hl) ou ACTARA (20 g/hl) ou PLENUM (40 g/hl).
MOSCA BRANCA	ACTARA (20-30 g/hl) ou PLENUM (50 g/hl).

PROBLEMAS	TRATAMENTOS
<b>HERBAS</b>	REGLONE, dirixindo a pulverización entre os corredores e as plantas (600 ml/hl). FUSILADE MAX (350 ml/hl). Mata herbas de folia estreita sen danar o cultivo aínda que este se molle.
<b>CULTIVOS CATIVOS</b>	ISABIÓN (250 ml/hl) aplicar varias mans. Pode mesturarse cos funxicidas.
<b>FUNGOS, en Caraveis, Rosas e outros cultivos</b>	SCORE (30-50 ml/hl).
<b>OÍDIO</b>	THIOVIT-JET (400-600 g/hl) ou ATEMI 10 (20 g/hl) ou TOPAS 200 (20 ml/hl).
<b>VERMES que comen froitos, flores, follas ou talos</b>	KARATE ZEON + (65-130 ml/hl) ou AFFIRM (150 g/hl) ou COSTAR (30-50 g/hl).
<b>ARAÑA VERMELLA</b>	VERTIMEC (50-100 ml/hl).

NOTA: non mesturar Isabión con Cobre Súper Plus nin ZZ-Cuprocol.





# Tratamentos



Sementeira



Xerminación



Desenvolvemento das follas



Formación de brotes laterais



Crecemento lonxitudinal (brotes principais)

Pragas	Sementeira	Xerminación	Desenvolvemento das follas	Formación de brotes laterais	Crecemento lonxitudinal (brotes principais)
Mildeu (Mera)			Ridomil Gold MZ Pepite (200 g/hl ou 2,5 kg/ha)		
Ternaria					
Insectos do chan					
Eirugas					
Escaravello					
Pulgón					
Malas herbas					
Desecantes					
Fertilizantes					
Bioestimulantes					

# das Patacas



Floración



Formación do froito



Maduración de froitos e sementes



Senescencia


## Observacións

<p>Revus Top (500 ml/ha) Revus (400-600 ml/ha)</p>	<p>Ohayo (400 ml/ha)</p>		<p>Tratar nos momentos de máximo crecemento do cultivo e alternar entre os produtos anteriores.</p>
<p>ou Pergado MZ (250 g/hl)</p>			
<p>Score 25 EC (800 ml/ha) Bravo 720 SC (210 ml/ha)</p>			<p>Tratar ao inicio dos primeiros síntomas ou de forma preventiva.</p>
			<p>Aplicar en tratamento localizado no momento da sementeira.</p>
			<p>Tratar cando se observen os primeiros danos.</p>
			<p>Tratar cando se observen as primeiras larvas.</p>
			<p>Tratar cando aparezan os primeiros pulgóns.</p>
			<p>Todos os herbicidas deben usarse antes da xerminación da pataca. Usar Dual Gold cando se preveza a aparición de gramineas.</p>
		<p>Reglone (1,5-4 l/ha)</p>	<p>Deixar polo menos 2 semanas desde o tratamento ata a recolección.</p>
<p>Stimufol K (250-500 g/hl)</p>			<p>Complementan a acción dos fertilizantes de fondo.</p>
<p>Isabión (200-300 ml/hl)</p>			<p>Axuda a restablecer a sanidade da pataca en casos de sarabia, xeadas, estrés, etc.</p>




# Tratamentos do millo e outros cereais

## Millo



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	<b>Camix</b> (3,75 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes o pouco despois da nacemento do millo. Aplicar ata 4-8 follas do millo.
	<b>Primextra Líquido Gold</b> (4 l/ha).	Para herbas gramíneas e de folla ancha antes da nacemento do millo.
	<b>Callisto</b> (0,75-1,5 l/ha).	Aplicábase 1,5 l/ha para control da xuncia. Controla ademais as herbas de folla ancha e dixitaria (pata de galiña).
	<b>Milagro</b> (0,175 - 0,250 l/ha).	Aplicar para controlar gramíneas despois de nacidas, como millán, setaria, etc. Aplicar con millo 4-8 follas.
	<b>Elumis</b> (1-2 l/ha).	Aplicar para controlar herbas gramíneas e folla ancha despois de nacidas. Aplicar con o millo 3-8 follas.
	<b>Casper</b> (400 g/ha).	Aplicar para controlar herbas de folla ancha despois de nacidas. Aplicar con o millo 3-8 follas.
Pulgóns e eirugas	<b>Karate Zeon +</b> (0,065 - 0,130 l/ha).	Aplicar ó inicio do ataque.
Insectos chan (verme arame, vermes brancos, etc).	<b>Force 1,5 G</b> (3-5 kg/ha).	Aplicar localizado na liña de sementeira.

## Cereais de inverno (Trigo e Cebada)



	TRATAMENTOS	OBSERVACIÓNS
Malas herbas	<b>Auros Plus</b> (3,5 l/ha + 40 g/ha).	Controla xoio e herbas folla ancha. Aplicar desde a sementeira ata herbas en 2 follas.
	<b>Topik Evo</b> (250 ml/ha - 150 g/ha). Aplicar non máis de 300-400 l agua.	Controla aveia e xoio nacidos en trigo en herbas de folla ancha. Aplicar en pleno afillamento.
	<b>Axial Pro</b> (0,75-0,9 l/ha). Aplicar con non máis de 300-400 l agua.	Para controlar aveia e xoio en trigo e cebada, cando están nacidas. Aplicar pleno afillamento.
Tratamentos funxicidas en vexetación.	<b>Amistar Xtra</b> (0,75-1 l/ha).	Aplicar a partir da folla bandeira.



# O Parque Natural do Monte Aloia

O primeiro parque natural de Galicia, creado en 1978, no concello pontevedrés de Tui, é a mellor representación dun espazo natural creado pola man do ser humano. De grande interese paisaxístico, asomado sobre o Baixo Miño dende os seus case 630 metros de altitude máxima, a relevancia deste espazo natural radica na súa importante cuberta forestal, os seus elementos etnográficos e os seus restos arqueolóxicos. En 1910, o enxeñeiro forestal Rafael Areses Vidal iniciou unha repoboación forestal a grande escala con diferentes especies de piñeiros e con outras moitas especies exóticas, no que antes era un gran pedregal debido á sobreeplotación gandeira e forestal.



Actualmente, o parque pode definirse como un amplísimo catálogo arbóreo con restos de bosque caducifolio autóctono nas proximidades do templo de San Xiao e do Rego da Pedra. O Aloia foi habitado dende a antigüidade debido á súa excepcional e estratéxica situación, como o demostra a existencia dunha muralla ciclópea de 1.250 metros que circunda a súa parte máis elevada.

## Antecedentes

Don Rafael Areses Vidal naceu o 9 de setembro do 1878 en Tui. Realizou os seus estudos de bacharelato no colexio Camposancos da Guarda e graduouse no instituto de Pontevedra. Licenciouse en 1902 no Real Colexio de Estudos Superiores de El Escorial e ingresou no Corpo de Enxeñeiros de Montes en agosto dese mesmo ano. Destinado en Pontevedra, de vida austera e sobria e con alta capacidade de traballo, entende a súa profesión como un grande apostolado. En 1906 pon en marcha o primeiro gran viveiro forestal de Galicia en Areas (Tui) onde crea múltiples parcelas de ensaio de moitas especies, a maioría exóticas. Sobre o 1909 emprende as repoboacións dos montes de Santa Tegra, Baiona, Oia e Aloia. Non cabe dúbida que o Parque Natural do Monte Aloia actual non ten nada que ver co que atopou o enxeñeiro Areses a principios do século pasado: un terreo marcadamente pedregoso, apenas algúns pés de castiñeiros, carballos e sobreiras e extensións de toxal, uces e pastos. En 1906 comézase a repoboación do monte nunha superficie de 2.000 ha.

## Clima

Pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántico-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscribese ao sector galaico-portugués. O dominio climático é o oceánico húmido con tendencia á aridez estival, cunha temperatura media anual de 14 °C e unha amplitude térmica moderada de 7,5 a 20,2 °C. Presenta un incipiente período de seca estival, case inapreciable en conxunto, e rexistra elevadas precipitacións, cunha media anual de 1.930 mm.

## Solos, relevo e hidroloxía

As 760 hectáreas do Parque Natural do Monte Aloia están situadas no extremo sur da Serra do Galiñeiro, constituindo unha elevación dentro desta.

As cotas oscilan entre os 80 e os 631 metros de altitude no seu punto máis alto (San Xiao). O relevo é accidentado, con frecuentes afloramentos rochosos onde predominan as rochas graníticas. Estes penedos amosan curiosas formas como as fochas ou “marmitas de xigante” ou as “pedras cabaleiras”, chamadas así por cabalgar unhas enriba doutras en equilibrio.



O solo, sobre substrato granítico, é ácido e de profundidade media ou escasa, o que permite o afloramento de laxes e rochedos. Dominan os ránkeros e litosolos, e, en xeral, as terras pardas.

Por encima dos 600 m sobre o nivel do mar aparece unha zona amesetada sobre terra parda, con pendentes suaves e afloramentos rochosos de silicatos (penedos). Outra zona con afloramentos rochosos sobre un estreito achaiamento constitúea o interfluvio da Costa de Oia, que alcanza unha altitude de 495 m. Por debaixo destes puntos elevados predominan as ladeiras en forte pendente, con presenza de interfluvios con frecuentes rochedos e valiñas. A rede fluvial está constituída por regatos que corresponden ás concas do Louro (Deique, Rebordáns e San Simón) e do Rosal (As Tabernas, Tripes e Udencias). Tamén hai algunhas charcas e pozas creadas pola existencia de encalcos nalgúns cursos fluviais (Cabanas, Clavildo e Paredes).

## Flora

Como consecuencia das repoboacións efectuadas dende principios do século XX, no parque predominan as áreas arboradas (601 ha, 81% da superficie total), na súa maior parte, mentres que as matogueiras, rochedos e prados e outros hábitats menores reparten a superficie restante. En 1910 iniciouse a repoboación forestal a grande escala con diferentes especies de piñeiros e con outras moitas especies exóticas, o que deu lugar a un arboredo de grande interese. Entre estas especies introducidas cóntanse, como máis importantes, o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) (cunhas 420 ha), a mimosa (*Acacia dealbata*) e o eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*). Outras especies menos abundantes pero ben representadas ou con exemplares de gran tamaño son a acacia negra (*Acacia melanoxylon*), o ciprés de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*), o abeto de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*), os piñeiros albar (*Pinus sylvestris*) e insigne (*Pinus radiata*) e o cedro xaponés (*Cryptomeria japonica*).



As especies autóctonas son escasas e atópanse en moi pequenos poboamentos: algunhas carballeiras lixeiramente homoxéneas, as máis das veces mesturadas con piñeiros, sobreiras ou castiñeiros. Nos regatos, aínda que non son dominantes, pódense atopar ameneiros e máis abundantemente, salgueiros, acompañados por bidueiros e abeleiras. Porén, nestes regatos abundan os fentos, xilbarbeiras, hedras e silvas.

As formacións máis densas de toxo e uces atópanse nas ladeiras desprovistas de arboredo, a miúdo acompañadas de narcisos, asphodelus, arenarias, agrostis. No parque foron inventariados máis de 500 taxons vexetais, o que dá idea da importancia da flora vascular do Aloia. Entre eles destacan os endemismos, especies de distribución reducida, que se limita na maior parte dos casos ao cuadrante noroccidental da Península Ibérica. Entre estes endemismos pódense citar *Hali-mium lasianthum subs. alyssoides var. aloianum* ou carpazo do Aloia e *Centaurea aloiana*, centaurea do Aloia.

Os **fungos** están ben representados no parque natural, onde moitas especies se asocian ás raíces das árbores formando micorrizas. Nas zonas de piñeiral abundan os tortullos (*Lactarius deliciosus*) e as rúsculas (*Russula sp*), as linguas de vaca (*Hydnum repandum*) e diferentes especies do xénero *Tricholoma*. Entre estes destaca o *Tricholoma pseudoalbum var. Gallaecium*, coñecido polo de agora só en Galicia. Baixo as caducifolias viven as andoas (*Boletus erytropus*, *B. edulis*) ao igual que varias especies do xénero *Amanita* (*A. muscaria*, *A. citrina*, *A. gemmata*, *A. Pantherina*...). Entre a follaxe atópanse cantarelas (*Cantarellus cibarius*) e lacarias (*L. laccata*).

No Aloia están catalogados medio centenar de **liques**, seres vivos indicadores da calidade atmosférica, formados pola asociación dunha alga e un fungo. Os máis abundantes viven sobre rochas, pero atópanse igualmente sobre brións, como algunhas especies do xénero *Parmelia*, e sobre a cortiza das árbores, como o xénero *Usnea*.

## Fauna

As aves pequenas dominan a fauna do parque natural. Os piñeirais do parque albergan unha rica comunidade de paseriformes forestais, entre os que destacan os páridos (*Parus ater* e *Parus cristatus*), e tamén o gabeador (*Certhia brachydactyla*) e o pimpín (*Fringilla coelebs*). Nas zonas aclareadas e de beiras con devasas, son abundantes o tordo charlo (*Turdus viscivorus*) en inverno, o gaio (*Garrulus glandarius*), a escribenta riscada (*Emberiza cia*) e bandos de frinxílicos, entre os que destaca polo seu elevado número o úbalo (*Carduelis spinus*), acompañado en menor medida por liñaceiros (*Carduelis cannabina*) e verderolos (*Carduelis chloris*). Tamén é frecuente observar o gabeador (*Certhia brachydactyla*) naqueles exemplares arbóreos de maior porte.

Entre as aves rapaces diúrnas, destaca a presenza de lagarteiro, azor, miñato, gabián, falcón pequeno; e entre as nocturnas a avelaiona e a curuxa.

A abundancia de regatos e pozas de auga fai que o parque natural sexa un enclave especialmente privilexiado para a observación de **anfíbios**. O pintafontes común (*Triturus boscai*) e o pintafontes verde (*T. marmoratus*), xunto coa ra verde (*Rana perezi*) son os anfíbios característicos daqueles puntos onde a vexetación subacuática é abundante. Dúas especies de anfíbios son características do medio fluvial: a píntega rabilonga (*Chioglossa lusitanica*) e a ra patilonga (*Rana iberica*).



Fóra dos ambientes húmidos existen varias especies de réptiles. Os mamíferos medianos e grandes son máis ben escasos, aínda que pola contorna do parque deambulan teixugos, porco bravos e raposos. Os pequenos mamíferos non obstante son bastante abundantes. Por razóns obvias resalta a presenza de esquíos, e tamén abundan coellos, ourizos cachos e pequenos depredadores como a donicela, xeneta, garduña e leirón.

## Patrimonio cultural

O monte Aloia foi ocupado dende sempre por diferentes culturas. Foron atopados diversos restos paleolíticos (machados, muíños, restos cerámicos), enterramentos megalíticos, petróglifos, un poboado castrexo no Alto dos Cubos e a imponente muralla tardorromana coñecida como muralla ciclópea, construída para facer fronte ás invasións suevas do século V; posteriormente serviu de refuxio ante as invasións árabes, normandas, francesas e portuguesas.



*Capela San Xulián*

Como elementos do patrimonio histórico-artístico e etnográfico presentes no Parque Natural do Monte Aloia pódese destacar:

- **Fortaleza do monte Aloia.** Punto incluído no Inventario do Patrimonio Cultural da Provincia de Pontevedra. Conxunto defensivo do cal o documento histórico máis antigo do que se ten coñecemento data do ano 1095. Trátase dun amplo recinto fortificado (muralla ciclópea) que polo seu perímetro pode considerarse como o de maior extensión das fortificacións coñecidas en Galicia.
- **Castro Cabeza de Francos (Alto dos Cubos).** Recinto defensivo que forma parte dun conxunto de castros situados estratexicamente a certa distancia da fortaleza do monte Aloia, entre os que se atopan o castro de Costal en Ribadelouro, o castro do Castelo en Tui e o castro das Pedras Brancas.
- **Muíños de pedra.** Trátase de antigos muíños de auga, localizados no curso do río Deique, no lugar de Paredes e no curso do río Tripes, augas arriba a partir do lugar de Circos. Neste último río, os muíños aínda conservan os nomes polos que eran coñecidos: “muíño da ponte”, “muíño da cerdeira” e “muíño de Benito”.
- **Capela de San Xiao,** reconstruída a principios do século XVIII sobre un templo románico. Celébranse as romarías populares en honor a San Xiao e á Virxe das Angustias.

- **Capela de San Fins**, onde o primeiro domingo de agosto se celebra unha romaría de gran tradición popular.
- **Vía Crucis** que culmina na gran cruz (1910) situada no alto de San Xiao.
- **Casa forestal** (1921), de deseño singular realizado polo enxeñeiro Rafael Areses, e onde na actualidade se localiza o centro de interpretación do parque natural.
- **Cama do Santo**. A pesar de non ser unha construción, trátase dunha formación rochosa singular ao nivel do chan na que, segundo a lenda, descansaba San Xiao.

*Casa forestal*



É posible realizar no Parque Natural tres rutas para coñecer a súa riqueza arqueolóxica: a ruta da Macoca ao Alto dos Cubos, a do Chan Longa ao Recinto amurallado e a da Pedra do Acordo ao Campo Grande

O 7 de decembro do 2004 o parque Natural incorpórase, mediante Decisión da Comisión Europea, á Rede Natura 2000, sendo actualmente Zona Especial de Conservación (ZEC).



# f eiras gastronómicas de toda Galicia

A CORUÑA		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Xaneiro	Ferrol	Día do Arroz con Leite
Febreiro	Moeche	Feira do Mel de Moeche
Domingo de Entroido	As Pontes	Feira do Grelo
Domingo de Entroido	Lestedo (Boqueixón)	Festa da Filloa
Sab. sig. ao Martes de Entroido	Bergondo	Festa da Orella
Marzo	Ribadumia	Festa da Augardente do Ulla
Marzo	Santiago de Compostela	Festa da Uña
Marzo	Vedra	Festa da Orella
1º domingo de Marzo	Arzúa	Feira do Queixo de Arzúa
7 ao 10 de Marzo	Ferrol	Fevino
Finais de Marzo	Cee	Festa do Cocido de Cee
Finais de Marzo	Muxía	Festa do Longueirón
Domingo seguinte á Pascua	Betanzos	Feira Exaltación do Viño do Ulla
Domingo seguinte á Pascua	Sarandón (Vedra)	Festa do Viño da Ulla
Xoves Santo	Camariñas	Festa do Polbo
Venres Santo	Camariñas	Festa do Rodaballo
Sábado Santo	Camariñas	Festa do Mexillón
Sábado Santo	Carnota	Festa da Centola
Sábado Santo	Padrón	Festa da Empanada de Lamprea
Venres Santo	Muxía	Festa do Congro de Muxía
2º quincena de Abril	Betanzos	Festa do Viño de Betanzos
Último sábado de Abril	Ordes	Feira do Champiñon
Maio	Carballo	Festa do Pan
Maio	Curtis	Feira Exaltación do Melindre
Maio	Padrón	Festa da Tortilla Xigante
Maio	Teo	Festa da Cacheira
1º domingo de Maio	Teo	Exaltación da Lamprea do Ulla
1º domingo de Maio	Teo	Festa da Carne ao Caldeiro
9 de Maio	Oroso	Festa da Troita
Venres ant. ao últi. dom. de Maio	Teixeiro (Curtis)	Feira Exaltación do Melindre
S. Xoán	Dodro	Festa do Carneiro
S. Xoán	Tallós (Dodro)	Degustación de Cordeiro Estufado

## A CORUÑA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Últ. fin de semana de S. Xoán	Melide	Carne Estufada
Santiago	A Brea (Carballo)	Festa do Pan da Brea
Santiago	Brión	Festa da Froita
Santiago	Corme (Ponteceso)	Festa do Percebe de Roncudo
Santiago	Malpica	Festa da Tortilla
18 de Santiago	Mugardos	Festa do Polbo
25 de Santiago	Rianxo	Festa de Xouba
Últ. fin de semana de Santiago	Melide	Festa do Melindre
Últ. fin de semana de Santiago	Santiago de Compostela	Festa da Sidra
Últ. sábado de Santiago	Mugardos	Festa da Ameixa
31 Santiago - 1 Agosto	Cedeira	Festa do Percebe
Agosto	A Coruña	Feira do Viño Galego
Agosto	Cee	Festa do Berberecho
Agosto	Corcubión	Festa da Ameixa
Agosto	Fisterra	Festa do Longueirón
Agosto	Meá (Mugardos)	Festa da Ameixa
Agosto	Padrón	Festa do Pemento de Herbón
Agosto	Porto do Son	Festa do Polbo de Porto do Son
1º domingo de Agosto	Zas	Festa da Troita
17 de Agosto	Sada	Sardiñada
Última fin de sema. de Agosto	Narón	Oenach Céltico
Último domingo de Agosto	Noia	Festa da Empanada
1º domingo de Setembro	Lariño (Carnota)	Día do Porquiño
1º domingo de Setembro	Neda	Festa do Pan
1º domingo de Setembro	Pontedeume	Festa das Peras
15 de Setembro	Coristanco	Festa da Pataca
Outubro	A Barqueira (Cerdido)	Feira Monográfica do Mel
Outubro	Ponteceso	Festa da Faba
4º domingo de Outubro	Moeche	Festa da Faba
Novembro	As Pontes	Feira dos Fungos e Cogomelos
Novembro (San Martiño)	Ortigueira	Feira do Mel
30 de Novembro	Ortigueira	Festa do Bonito
6 - 8 Decembro	Mañón	Festa do Marisco
Último domingo de cada mes	Melide	Feira do Queixo da Montaña de Melide

## LUGO

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
23-24 de Xaneiro	Foz	Festa do Berberecho
Febreiro	A Fonsagrada	Feira do Butelo
Febreiro	Monforte de Lemos	Romaría das Roscas

## LUGO

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Domingo de Entroido	Navia de Suarna	Feira das Androllas
Domingo de Entroido	Taboada	Festa do Caldo de Osos
Marzo	Chantada	Feira do viño de Chantada
Marzo	Friol	Feira do queixo e pan de Ousá
Marzo	Pobra do Brollón	Feira do Viño de Vilachá
Sábado e Domingo de Ramos	Sober	Feira do Viño de Amandi-Sober
Domingo de Pascua	Portomarín	Día da Augardente de Portomarín
Domingo de Pascua	Quiroga	Feira do Viño de Quiroga
Abril	Monterroso	Queixo de denom. de Orixe Arzúa-Ulloa
Abril	Vilalba	Festa do Queixo San Simón
Abril (Domingo de Ramos)	Pedrafita do Cebreiro	Feira do Queixo do Cebreiro
20 de Abril	Xove	Festa do Polbo á pedra
Maio	Mondoñedo	As Quendas
Maio	O Courel	Xornada gastronómica do Cocido
Maio	Pobra do Brollón	Cata do Viño
1 de Maio	A Pontenova	Festa da Troita
1 de Maio	Cospeito	Festa da Filloa
S. Xoán	Monforte de Lemos	Mostra de viños da Ribeira Sacra
S. Xoán	Monterroso, Palas de Rei, Antas de Ulla	Feira do Queixo da comarca da Ulloa
S. Xoán	Pantón	Feira do Viño de Pantón
S. Xoán	Ribas de Sil	Festa da Cereixa e do Aceite
Santiago	Mondoñedo	Festa da Ensalada
Santiago	Viveiro	Festa da Pescada
1º Domingo de Santiago	Parga (Guitiriz)	Festa dos Callos
Último sábado de Santiago	Ribadeo	Festa do Polbo
Agosto	A Chousa de Merlán (Chantada)	Festa da Empanada
Agosto	Chantada	Festa da Empanada
Agosto	Folgosos do Courel	Festa da Empanada de Acelga
Agosto	Grolos (Guntín)	Festa do Pemento
Agosto	O Chanto (Sarria)	Festa da Empanada
Agosto	Sarria	Festa da Tortilla
Agosto	Sarria	Festa do Lacón
Agosto	Sober	Feira da Rosca
Principios de Agosto	Burela	Festa do Bonito
Primeiros de Agosto	Quiroga	Mostra do Mel
4º domingo de Agosto	Viveiro	Romaría do Naseiro

LUGO		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
1ª fin de semana de Setembro	Chantada	Degustación de carne de touro á pedra
1º domingo de Outubro	Vilanova de Lourenzá	Festa da Faba
2ª fin de semana de Outubro	Ferreira-O Valadouro	Feira do Mel
Outubro (San Lucas)	Mondoñedo	Feira do Mel de Mondoñedo
3º sábado de Outubro	Taboada	Festa do Viño Novo
Novembro	Cospeito	Feira do porco da ceba
Novembro	O Vicedo	Festa da Coquina
Fin de semana ant. a Noiteboa	Vilalba	Feira do Capón

OURENSE		
DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Xaneiro	Ábedes (Verín)	Festa do Chourizo
Xaneiro	O Barco de Valdeorras	Festa do Butelo
1ª fin de semana de Febreiro	Pobra de Trives	Festa do Chourizo de Vilanova
Domingo de Entroido	Vilariño de Conso	Festa do Cabrito
Abril	Ribadavia	Feira Exposición do Viño do Ribeiro
Maio	Ribadavia	Feira do Viño do Ribeiro
Domingo próx. ao 14 de Maio	Amoeiro	Festa do Porco
Santiago	Ourense	Festa da Pasta Fresca
Día 6 de Santiago	San Cristovo de Cea	Festa do Pan de Cea
Último domingo de Santiago	Pobra de Trives	Festa da Bica
Agosto	A Rúa	Festa do Viño
Agosto	Oímbra	Festa do Pemento de Oímbra
2-6 Agosto	Castro de Miño	Festa da Anguía
Primeira semana de Agosto	Arnoia	Festa do Pemento de Arnoia
7-8 Agosto	Muiños	Festa das Sopas de Burro Canso
2º domingo de Agosto	O Carballiño	Festa do Polbo do Carballiño
17-18 Agosto	Allariz	Festa da Empanada de Allariz
22 de Agosto	Lobios	Festa dos Callos Limiaos
Último domingo de Agosto	Leiro	Festa da Vendimia
Setembro	Allariz	Feira do Doce, Armendoado e Melindre
Setembro	O Barco de Valdeorras	Festa do Viño de Valdeorras
2º domingo de Outubro	Vilar de Barrio	Festa da Patata
29 de Outubro	Leiro	Festa do Licor Café
Novembro	A Gudiña	Festa do Xabarán con Castañas
Novembro	Cabanelas O Carballiño	Festa do Viño Novo de Cabanelas
Novembro	Riós	Feira da Castaña e do Cogomelo
8 de Novembro	A Veiga	Magosto Popular
11 de Novembro	Ourense	Magosto Popular

PONTEVEDRA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Xaneiro	Santa María de Oia	Festa do Chourizo
Xaneiro	Vilanova de Arousa	Festas dos Callos de Vilanova
3º sábado de Xaneiro	A Guarda	Festa da Paletada
Domingo antes de Entroido	Lalín	Festa do Cocido
4 de Febreiro	Vila de Cruces	Festa de Exaltación do Chourizo
Véspera do domingo de Paixón	Pontecesures	Festa do Ovo con Chourizos
2º domingo de Marzo	Mourete (Pontevedra)	Festa do Caldo
Domingo anterior ao Ramos	Pontecesures	Festa da Lamprea en Pontecesures
Sabado e domingo de Ramos	Sanxenxo	Festa da Raia
Venres Santo	As Neves	Feira do Requeixo e o Mel
Sábado e Domingo de Pascua	Arcade (Soutomaio)	Festa da Ostra
23 de Marzo	Pontevedra	Feira da Cabaza
Domingo de Pascua	Silleda	Festa da Rosquilla
Domingo de Pascua	Tui	Festa da Angula
27-30 Marzo	Marín	Festa da Caldeirada
Último domingo de Marzo	Bueu	Festa do Millo Corvo
Último domingo de Marzo	Silleda (Sta María de Abades)	Romaría da Rosquilla
Abril	Nigrán	Festa da Cadelucha
19 e 20 Abril	Arbo	Feira de Lamprea
Último sábado de Abril	Santa María de Oia	Festa do Polbo
Maio	A Lama	Festa do Codillo
Maio	Pontecaldelas	Festa da Troita
Maio	Vila de Cruces	Festa do Galo de Curral
Maio	Vilaboa	Festa do Churrasco
7-8 de Maio	Silleda	Festa da Cacheira
2º domingo de Maio	Redondela	Festa do Choco
3º domingo de Maio	A Estrada	Festa do Salmón
Maio-S. Xoán	Ribadumia (Barrantes)	Festa do Viño Tinto do Salnés
S. Xoán	A Guarda	Festa do Roscón de Xema
S. Xoán	Vigo (Beade)	Feira-Festa da Cereixa de Beade
7-8 de S. Xoán	Bueu	Festa do Churrasco
1º domingo de S. Xoán	O Covelo	Festa do Chourizo de Paraños
21 de S. Xoán	Silleda	Festa da Parrilla
28-29 de S. Xoán	Campo Lameiro	Festa da Augardente
Último domingo de S. Xoán	A Guarda	Feira-Festa da Langosta
30 de S. Xoán	Cotobade	Festa do Queixo
Santiago	A Guarda	Festa do Peixe Espada
Santiago	Meis	Festa dos Callos de Meis

PONTEVEDRA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Santiago	O Rosal	Festa do Viño
Santiago	Vigo	Festa do Mexillón
2-4 Santiago	Bueu	Festa do Viño Tinta Femia
Día 6 de Santiago	Arbo	Festa da Lamprea Seca
6 de Santiago	Pontevedra	Festa da Peneirada
1º Domingo de Santiago	Gondomar	Festa da Rosquilla
7 de Santiago	Pontevedra	Festa da Anguía
2º sábado de Santiago	Catoira	Festa da Solla
13 de Santiago	Fornelos de Montes	Festa da Chanfaina
13 de Santiago	Portas	Festa do Galo de Curral
3º Domingo de Santiago	Ribadumia	Festa do Polo
24 de Santiago	Vilagarcía de Arousa	Xornadas Gastronómicas do Bacallau
25 de Santiago	Meaño	Encontro co Viño de Autor
25 de Santiago	O Covelo	Festa do Churrasco
26-27 de Santiago	Poio	Festa da Ameixa
Últi. fin de sem. de Santiago, día 27	Moraña	Festa do Carneiro ao Espeto
28 de Santiago	Cangas	Festa do Percebe e a Navalla
Agosto	A Caniza	Festa do Xamón
Agosto	Cambados	Festa de Exaltación da Vieira
Agosto	Carballeira de Ribadumia	Festa do Pan do Salnés
Agosto	Forcarei (Carballeira de Frei)	Festa do Porquiño
Agosto	Marín	Festa da Cigala
Agosto	Salvatera do Miño	Feira do Viño do Condado
Agosto	Vigo	Festa da Sardiña
Agosto	Vigo	Festa do Polbo
Agosto	Vilagarcía de Arousa (Carril)	Festa da Ameixa
Agosto	Vilanova de Arousa	Festa do Mexillón
1 de Agosto	Cangas	Festa do Bocho
1ª fin de semana de Agosto	Cambados	Festa do Viño Albariño
1º sábado de Agosto	Silleda	Festa da Tortilla
2º domingo de Agosto	Sanxenxo	Festa da Ostra
10-18 de Agosto	Pontevedra	Feira do Mel
14 de Agosto	Lalín	Festa do Xamón
16 de Agosto	Mondariz	Festa da Empanada
16 de Agosto	Poio	Festa do Mexillón
3º fin de semana de Agosto	Silleda (Bandeira)	Festa da Empanada de Bandeira
3º domingo de Agosto	Arbo	Festa da Augardente
Última semana de Agosto	Poio (Combarro)	Festa do Mar
Últi. fin de semana de Agosto	Poio (San Xoán de Poio)	Festa dos Callos



PONTEVEDRA

DATA	LUGAR	FESTA GASTRONÓMICA
Último domingo de Agosto	Moraña (Carballeira dos Mila)	Festa do Porquiño á Brasa
Último domingo de Agosto	Vigo (Cabral)	Festa do Pan de Millo
Setembro	Pazos de Borbén (Moscoso)	Festa das Chulas
4 de Setembro	Sanxenxo	Festa da Cebola
5 de Setembro	Redondela	Festa do Mexillón
1º domingo de Setembro	Salceda de Caselas	Festa dos Callos
7-9 Setembro	A Lama	Festa do Viño Pelete
3º fin de semana de setembro	A Guarda	Festa da Zorza
21 de Setembro	Mos	Festa da Orella
3º domingo de Setembro	Vigo	Festa dos Pexegos
21 e 22 de setembro	Marín	Festas da Sidra e da Mazá
22 de Setembro	Vigo	Festa da Empanada
Último domingo de Setembro	Valga	Festa da Augardente e a Anguia
3-5 Outubro	Bueu	Festa do Polbo
5 de Outubro	Cambados	Festa da Vendima
1º domingo de Outubro	O Porriño	Festa dos Callos
5 de Outubro	Redondela (Negros)	Festa da Mazá
2º domingo de Outubro	O Grove	Festa do Marisco do Grove
21-25 de Outubro	Bueu	Xornadas Micolóxicas
Último sábado de Outubro	Silleda (Breixa)	Festa da Castaña
27 de Outubro-1 de Novembro	Pontevedra	Xornadas Micolóxicas
2 de Novembro	Pontevedra (Lourizán)	Magosto Popular
2 de Novembro	Pontevedra (Salcedo)	Festas de Outono
3 de Novembro	A Estrada	Festa do Cogomelo
4 de Novembro	Vila de Cruces	Feira da Castaña
8-11 de Novembro	Bueu	Festa de San Martiño
9 de Novembro	Barro	Festa do San Martiño
9 de Novembro	Caldas de Reis	Festa do Magosto
9 de Novembro	Meis	Festa de San Martiño
9 e 10 de Novembro	Pontevedra (Tomeza)	Festa da Castaña
9 ao 11 de Novembro	Salceda de Caselas	Festa do San Martiño
9 ao 11 de Novembro	Vilaboa	Festa do San Martiño
10 e 11 de Novembro	Poio	Magosto Popular
11 de Novembro	Cotobade (Insula)	Magosto Popular
14 de Novembro	Moraña	Magosto Popular
2º quincena de Novembro	Vilagarcía de Arousa	Semana Micolóxica
3º domingo de Novembro	Vigo (Cabral)	Festa do Cabazo
Decembro	Agolada	Feira do Porco Cebado
5-14 de Decembro	O Grove	Festa do Centolo
6 de Decembro	Sanxenxo	Festa da Fabada
1º domingo de Decembro	Forcarei	Festa da Richada

# Catálogo xeral



DE SEMENTES DE INTERESE PARA  
GALICIA E CORNIXA CANTÁBRICA

## SY Sincero

A mellor opción para sementeiras tardías

Ciclo



Ensilado: 500



Gran: 600

Un híbrido que se comporta como un ciclo 500 en ensilado. Presenta planta de altura medio-alta, mazaroca elástica e con follas hipererectas para un maior aproveitamento da radiación solar, cun stay-green excelente, óptima ancoraxe radicular e tolerante á tensión.

## Cisko

Produto estrela

Ciclo



Ensilado: 300



Gran: 300

As súas principais características son: o seu alto rendemento en amidón, do que pode superar o 34%, así como de UFL (Unidades Forraxeiras Leite) que pode superar o valor 1 e a súa excelente dixestibilidade, que rolda o 75% de DMO (Dixestibilidade de Materia Orgánica). Adáptase perfectamente a todo tipo de solos e climas e a súa resistencia ao encamado e a virose (MRDV) é total. O seu tamaño é homoxéneo, a inserción das súas espigas compactas e posúe un gran potencial de cultivo: 16 a 18 fileiras. Nos primeiros estadios do desenvolvemento o seu aspecto é rechoncho, voluminoso e moi homoxéneo. Destaca pola súa extraordinaria nacemento e crecemento temperán.

## SY Prestigio

Unha fonte de amidón de elevada dixestibilidade

Ciclo



Ensilado: 300



Gran: 300

É unha planta de porte medio-alto e con inserción de mazaroca baixa equilibrada, que compensa moi ben en altas densidades, con excelente vigor de urxencia e de crecemento inicial (3 a 5 follas), mantén a sanidade da planta ata a colleita cun talo moi elástico e san. O seu sistema radicular e a súa resistencia de talo son excelentes, conferíndolle unha notable resistencia ao encamado. É un híbrido que se destaca dos demais do seu ciclo pola súa capacidade produtiva en ambientes de elevada fertilidade así como en condicións adversas e en distintos tipos de solo, mantendo estable a produción, cun gran de boa calidade e cunha curva de secado rápida. Debemos salientar a gran produción de enerxía.

## NK Perform

Alta calidade

Ciclo



Ensilado: 260



Gran: 260

É unha planta de talle medio, follas anchas e erectas e de cor verde intenso. Presenta un bo vigor de nacemento e desenvolvemento, así como un gran de calidade. O seu talo é robusto e resistente á caída. A súa calidade sanitaria é alta, xa que é tolerante a enfermidades foliares como o helminthosporium. A regularidade na súa espiga favorece un alto nivel produtivo para gran.





## DE SEMENTES DE HORTÍCOLAS PARA GALICIA E CORNIXA CANTÁBRICA

### Leitugas

#### Nagore (Batavia)

##### Voluminosa

Batavia amarela de tipo clásico, con cabeza.

Variedade para recoleccións de finais de outono, inverno e primavera en invernadoiro. Excelente volume e presentación con bo comportamento fronte a necrose marxinal.

**Resistencia alta (HR) a Bl: 16-18,20-24,27,28,30,31/ Fol:1. Resistencia intermedia (IR): LMV:1.**

#### Edurne (Batavia)

##### Recolección en primavera, verán e outono

Variedade de vigor medio, precoz, con boa resistencia ao espigado e podremia. Costela de folla moi rizada e excelente autobranqueo. Para recoleccións de primavera, verán e outono. Excelente presentación e boa calidade en primavera/verán con alta porcentaxe de produto branco.

**Resistencia alta (HR) a Bl: 17/Fol:1. Resistencia intermedia (IR) LMV:1.**

#### Masaida (Batavia)

##### A referencia do consumidor

Variedade de batavia amarela de gran rusticidade e boa adaptación a todas as condicións de cultivo. Boa resistencia ao espigado. Recomendada para plantacións ao aire libre e recoleccións de verán. Presenta unha folla fina e crocante.

**Resistencia intermedia (IR) a LMV:1**

#### Patri (Batavia)

##### Calidade e presentación

Para cultivo ao aire libre en recoleccións de abril a setembro. Bo comportamento fronte a necrose marxinal e espigado. Tamén se pode cultivar durante os meses de inverno. Nas recoleccións de inverno forma cabeza.

**Resistencia alta (HR) a Bl:16,18,20,22-24,27,28,30,31. Intermedia resistencia (IR): LVM:1.**

## Daguan (Trocadero)

### Rusticidade e rendemento

Apropiada para cultivos de aire libre, moi apreciada pola súa rusticidade e rendemento. Para recoleccións de primavera e verán. Bo comportamento fronte a necrose e espigado. Variedade voluminosa, de cor verde media brillante, cunha cabeza non demasiado compacta.

**Resistencia alta (HR) Bl:16-20, 22-24, 27, 28, 30, 31. Intermedia resistencia (IR) LMV:1.**

## Pelikan (Trocadero)

### Rendemento con resistencias

Variedade de leituga trocadero con gran volume, cor verde media brillante, con cabeza de baixa compactidade e fácil pelado, apropiada para cultivos de aire libre e recoleccións de primavera e verán. É unha variedade moi apreciada pola súa rusticidade, doado manexo e rendemento para IV gama, presenta unha boa tolerancia a necrose apical (Tip Burn) e espigado.

**Alta resistencia (HR) Bl:16-25,27,28,30,31/ Nr:0. Intermedia resistencia (IR): LMV:1.**

## Escarola

### Jolie (Escarola Rizada)

#### Calidade de folla e tolerancia a espigado

Variedade de escarola de folla rizada de vigor medio precoz, con boa resistencia a espigado e podrencias, as súas follas presentan unha costela fina e moi rizada. É unha planta de doado autobranqueo. Dada a súa calidade de folla, é moi demandada para industria. É o complemento ideal para Foxie e recoméndase para recoleccións de primavera, verán e outono.

## Tomate

### Sivinar (calibre grosso, colo branco)

#### A maior produción continua

Destaca pola súa alta produtividade e o calibre dos seus froitos, adaptados ás necesidades do mercado local. Os froitos son de calibre alto, cunha gran porcentaxe de GG e de colo verde lixeiro. Ten unha boa cor en pintón. É un planta vigorosa e de boa cobertura foliar e entrenós curtos, adaptada aos transplantes tanto de primavera e verán.

**Presenta resistencia alta HR: Ff: 0-5 / Fol: 0-1 / S / V / TMV: 0 / ToMV: 0-2 / TSWV:T0. Resistencia intermedia IR: M / TYLCV.**

### Panekra (Beefsteak)

#### O grande de sempre

Panekra destaca polos seus froitos de alta calidade, pola súa cor e sabor. Os froitos son de calibre GG de moi boa cor vermella na súa madureza e boa viraxe en pintón. Planta con bo vigor, o cal favorece o chamado en condicións de estrés e que se adapta aos transplantes de primavera e verán.

**Resistencia alta HR: For / ToMV: 0-2 / V / Fol: 0-1 (US1-2) / Vd / Va / Ff: A-E. Resistencia intermedia IR: M.**

## Patriarca (Recolección en Pintón)

### Alta calidade de froita

Patriarca destaca pola súa planta de vigor adecuado, con porte aberto e con bo chamado con calor. Os froitos son de calibre GG, lisos e moi homoxéneos e teñen froitos de cor verde intensa e vermella intensa, con colo verde, consistentes e con boa conservación ademais de presentar un bo comportamento fronte ao rachado e ao microcracking. Este tomate adáptase a transplantes de primavera e verán.

**Resistencia alta HR:** Ff: A-E / Fol: 0-1 (US1-2) / For / Va, Vd / TMV: 0 / ToMV: 0-2 / TSWV.  
**Resistencia intermedia IR:** Ma, Mi, Mj / TYLCV.

## Coliflor

### Cortes (Ciclo medio)

#### Tamén para minis

Ciclo medio de 85 a 90 días. Para recolección en outubro e novembro. Planta de vigor medio con excelente calidade de masa por densidade e cor branca e boa cubrición da masa. Recomendado tanto para mercado fresco coma para industria, é apta tamén para cultivo de minis. Recomendada tanto para recoleccións de outono como de primavera.

### Korlanu (Ciclo medio)

#### Para comezar e terminar

Variedade de ciclo medio (85-90 días), con ciclo de recolección dependendo de zonas e datas. Planta de vigor medio con porte semi erecto e excelente cubrición das inflorescencias. Coliflor de excelente calidade: compacta, cor branca intensa e forma circular. Recomendada tanto para recoleccións de outono como de primavera.

### Clariance (Ciclo medio)

Coliflor cun ciclo de 115 días. Planta de vigor medio e boa protección. Bo aguante ante xeadas e en campo. Coliflor para fresco calibre 6. Moi boa uniformidade. Forma redondeada con moi bo peche basal.

### Pamyros (Ciclo tardío)

#### Fácil recolección

Ciclo tardío de 150 a 160 días. Planta vigorosa de porte moi erecto. Doadada de recoller e encaixar. Excelente presentación comercial debido ao gran número de follas que envolven a masa. Recomendada tanto para recoleccións de outono como de primavera.

### Charif (Ciclo tardío)

#### Planta rústica

Variedade tardía de 225 a 235 días de ciclo. Planta vigorosa de porte erecto. Destaca pola súa gran rusticidade e boa cubrición. Masa de cor branca moi densa. Sementeiras a principios/metade de xullo, para plantacións de principios a mediados de agosto. Recolección de últimos de marzo a primeiros de abril.

## Cabaciña

### Cronos

#### Calidade e rendemento comercial con resistencias

Variedade que destaca pola súa produción de gran calidade en todo o ciclo de produción. Variedade recomendada para ciclos de outono e primavera en cultivo protexido.

**Bo nivel de resistencias, dando maior importancia á que presenta fronte a oídio.**

## Col de Bruxelas

### Gustus

#### A máis precoz

Variedade precoz de planta forte e vigorosa. Col de forma oval, lisa, cor verde media e calibre grosso. Forma follas amarelas de alta resistencia á rotura e de doada recollida. Aconsellada para mercado en fresco. Recoméndase unha densidade de plantación de 80 x 60 cm. Moi precoz.

## Porro

### Prelina

#### Ideal para "porro baby"

Porro moi temperán cun ciclo de 120 días do tipo Xigante Suízo para producións de outubro a marzo. Presenta unhas follas verde escuras e longas, a parte branca do porro non presenta ensanchamento basal. Prelina presenta un talo moi longo, entre 25 e 30 cm, e entra en produción moito antes que outras variedades do seu tipo. Pódese transplantar ou sementar directamente. Todas estas características fan de Prelina unha opción ideal para a produción de "porro baby".

### Sevilla

#### Uniforme con boa presenza

Variedade de polinización aberta que pode ser cultivada dende outubro a marzo. Moi boa lonxitude de talo e recto. Moi boa resposta a sementeiras sucesivas. Moi uniforme, fácil de limpar e recoller; moi boa para o transplante. Axeitada para produción de "porro baby".

## Col de Milan

### Dama

#### Corazón de boi

Variedade semi-precoz do tipo Savoy. Masa redondeada e pouco abolada, cor verde azulada, de 2,5 kg de peso medio, moi uniforme. Para recolección de primavera, verán e outono. Boa resistencia á rotura.

## Col Picuda

### Clarinet

#### Corazón de boi

Varietade de ciclo semi-tardío con planta media. Cabezas de forma aguzada e cor verde.

### Quisor

#### Uniforme e compacta

Varietade precoz, de follas azuladas, que produce repolos redondos, moi compactos e uniformes, con bo aguante en campo, sen perder o seu valor comercial.

## Pemento

### Drago (tipo lamuyo)

#### A tradición en lamuyo

Planta forte adaptada a condicións de frío. Froita longa apta para recolección en vermello que presenta boa consistencia e unha boa forma con 3 ou 4 lóbulos. Varietade para aire libre e dedicado a industria.

**Resistencia alta a PVY 0 e Tm 0.**

### Coraza (tipo lamuyo)

#### A maior produción continua

Varietade de bo vigor, recomendada para transplantes de primavera. Destaca pola súa gran capacidade de callado, o que lle achega unha alta produtividade durante todo o ciclo de cultivo. Dá froitos de calibre medio grande, con boa firmeza e cor intensa tanto en verde coma en vermello.

Moi boa conservación da froita tanto en planta como recollida durante todo o ciclo.

**Resistencia alta HR: Tm 3. Resistencia intermedia IR: TSWV P 0.**





# Catálogo xeral



DE PRODUTOS FITOSANITARIOS DE INTERESE PARA GALICIA E CORNISA CANTÁBRICA

**PRODUTO** N° 00000 Xn - N  
**COMPOSICIÓN** N°= N° Rexistro Xn= Clasificación Toxicolóxica  
**E PRESENTACIÓN** N= Clasificación medioambiental  
**INDICACIÓNS E DOSE** **CATEGORÍA E PRAZO SEGURIDADE.** NP= Non procede.

As indicacións de usos, prazos de seguridade e dose son orientativas, refírase á etiqueta en calquera caso de uso.

## INSECTICIDAS

### ACTARA 25 WG

25% Tiamethoxam WG. N° 23093 \_ - N  
15x4 g, 100 g, 250 g, 400 g, 500 g y 1 kg. PS: 3 días tomate, pemento, berenxena, cogombro, melón e sandía; 7 días en patacas; 14 días nas froiteiras, en caso de almendro 75 días; 21 días en leituga; 28 días en cítricos.

Novo insecticida sistémico que actúa por inxestión e contacto, contra escaravellos resistentes, pulgóns, e mosca branca, para os cultivos de: patacas, melocotoeiro, maceira, cítricos, tomate, leituga, pemento, berenxena, cogombro, melón e sandía. Pode ser aplicado en pulverización normal ou rega de pingapinga.

**DOSE:** Patacas 80-100 g/ha (30-40 g/hl); melocotoeiro: 200 g/ha; maceiras: 300-400 g/ha; tomate, pemento, leituga, melón e sandía: 20 g/hl. No caso da mosca branca usar 400 g/ha. Nos cítricos para "Phyllocnistis" ou minador 30 g/hl.

### AFFIRM

0,855% Emamectina (benzoato) - SG. N° 25353 Xn - N  
250 g, 1 kg e 5 kg. PS: 1 día alcachofa e amorodeiras; 3 días en berenxena corcubitéceas de pel non comestible, hortalizas do xénero brassica, leituga, cogombro, pemento e tomate; 7 días en vides.

Novo insecticida de alta eficacia por inxestión e lixeira acción de contacto. A súa acción translaminar proporciónalle unha eficacia moi elevada para o control de insectos mastigadores, especialmente, eirugas de lepidópteros. Presenta una baixa toxicidade e está admitido na maioría dos protocolos de protección integrada.

**DOSE:** Alcachofa, hortalizas do xénero brassica, leituga e vide: de 1 a 1,5 kg/ha. Berenxena, corcubitéceas de pel non comestible, amorodeiras, cogombro, pemento e tomate de 100 a 150 g/hl.

## APHOX

50% Pirimicarb WG.  
1 kg.

Nº 11826 T - N

PS: 7 días en cítricos e froiteiras de folla caduca; 3 días en hortícolas (excepto en espinacas e leituga de invernadoiro, que son 14 días). En industriais: 7 días.

Aficida específico contra pulgóns respectando os insectos beneficiosos; para hortícolas, froiteiras, cultivos florais, ornamentais, industriais e cereais.

**DOSE:** 100 g/hl mollando ben o cultivo.

## COSTAR

18% *Bacillus thuringiensis* var. Kursta-ki. 90 millóns de U.I. por gramo WG.  
500 g.

Nº 22060 \_ - \_

PS: NP.

Insecticida biolóxico específico contra vermes de lepidópteros, nos cultivos de hortícolas.

**DOSE:** 30-50 g/hl. Con alto volume de caldo por ha. Aplicar ao observar as primeiras eirugas ou síntomas. Usar as doses máis altas se hai vermes desenvolvidos.

## CRUISER 350 FS

35% Tiamethoxam FS.  
500 ml.

Nº 23141 \_ - \_

PS: NP semente de patacas.

Insecticida sistémico e de contacto, de amplo espectro, especialmente indicado para o control dos escaravellos da pataca. A formulación está posta a punto para o emprego como tratamento de tubérculos antes da sementeira, penetrando no interior da semente tratada. En canto esta xermina, dirixese cara aos órganos en crecemento e protexe a plántula e posterior desenvolvemento do cultivo.

**DOSE:** 21,4 ml cada 100 Kg de tubérculos.

## FORCE 1,5 G

1,5% Teflutrin granulado.  
300 g e 5 kg.

Nº 24883 Xn - N

PS: 30 días espárragos; NP outros cultivos.

